



Concello de Portomarín

DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS

“PAVIMENTACION DOS VIAIS DE SEIXON-VILARBASIN E O VILAR-VILAXUSTE”

Procedemento aberto simplificado.

Tramitación ordinaria

Expte. Núm. 158/2020

(SUBVENCIONADAS AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020)

Reunidos en Portomarín, ás 11:00 horas do día 28 de maio de 2021

Dunha parte, D. Juan Carlos Serrano López, Alcalde-Presidente do Concello de Portomarín, con D.N.I. núm. 33.303.815-E, asistido pola Secretaria Xeral da Corporación, Dna. Maria Silva Taboada, con D.N.I. núm. 33.552.431-P, que dá fe do acto.

Doutra parte D. Alberto López Martín, con D.N.I. núm. 11.947.097-T, en representación da empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L., con C.I.F. B-15410608, con domicilio en Lugar Cebreiro, s/n C.P. 15821 O Pino (A Coruña).

A finalidade do presente acto é a de proceder á formalización do contrato das obras de referencia.

A adxudicación da obra foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 06/05/2021, segundo se desprende dos seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Por acordo da Resolución da Alcaldía num. 2020-0120 de data 02/06/2020 foron aprobados os proxectos denominados Proxecto de pavimentación do vial “Seixon-Vilarbasin” redactado por o Enxeñeiro de Camiños D. José Enrique Cacicedo Herrero colexiado nº8905, do que o importe total ascende á cantidade de 143.083,76 euros (I.V.E. incluído) e Proxecto de pavimentación do vial “O Vilar-Vilaxuste” redactado por o Enxeñeiro de Camiños D. José Enrique Cacicedo Herrero colexiado nº8905, do que o importe total ascende á cantidade de 56.879,77euros (I.V.E. incluído).

SEGUNDO. Para as obras sinaladas foi concedida a seguinte axuda ao amparo do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, para levar a cabo o proxecto coas actuacións descritas anteriormente, nos seguintes términos e condicións aplicables:

Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	IMPORTE TOTAL
240	PAVIMENTACIÓN VIAL SEIXÓN-VILARBASÍN, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	143.083,76 €	143.083,76 €
241	PAVIMENTACIÓN VIAL O VILAR-VILAXUSTE, INCLUÍDO HONORARIOS	11.412,60 €	46.910,52 €	58.323,12 €



Concello de Portomarín

TERCEIRO. A necesidade deste concello de realizar a contratación das obras consistentes en "mellora do pavimento dos viais públicos municipais", queda acreditada na memoria xustificativa da necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación obrante no expediente.

CUARTO. Por Xunta de Goberno Local de data 19/01/2021, aprobouse o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado convocando a súa licitación; así mesmo aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e autorizouse o gasto que representa a presente contratación con cargo á partida correspondente do estado de gastos do orzamento municipal vixente.

QUINTO. Publicouse o anuncio de licitación na plataforma de contratación do sector público en data 24/03/2021, así como a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

SEXTO. Finalizado o prazo de presentación de proposicións, procedeuse á apertura das mesmas en acto público mediante dispositivo electrónico e á súa valoración, segundo acta da mesa de contratación expedida aos efectos obrantes no expediente que tiveron lugar o 15/04/2021, formulando proposta de adxudicación do contrato é empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, con CIF núm. B15410608, por resultar esta a oferta máis vantaxosa para esta Administración.

SÉTIMO. Previo requirimento, a empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS SL presenta a documentación a través da plataforma de contratación e da sede electrónica do Concello e procedeu á constitución da garantía definitiva que procede.

OITAVO. Por Resolución acordo da Xunta de Goberno Local de data 06/05/2021, acordouse adxudicar á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, con CIF núm. B15410608 o contrato de obra "Pavimentación dos viais Seixon-Vilarbasin e O Vilar-Vilaxuste", por importe de 147.881,82 € e 31.055,18 € de IVE, resultando un total de 178.937,00 €.

E convindo a ámbalas dúas partes, en calidade de adxudicante e adxudicatario, o presente contrato de obras, formalízano neste documento administrativo, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO. D. Alberto López Martín, con D.N.I. núm. 11.947.097-T, en representación da empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L., con C.I.F. B-15410608, comprométese á execución da obra de "Pavimentación dos viais Seixon-Vilarbasin e O Vilar-Vilaxuste", con arranxo ó proxecto técnico e ao prego de cláusulas administrativas administrativas particulares e de prescricións técnicas reguladoras da contratación, documento que acepta incondicionalmente e sen reserva algunha, así como á oferta que serviu de base para o presente contrato.

En todo caso, o adxudicatario debe manter durante toda a execución da obra e dar cumprimento estricto a todas as propostas obxecto de valoración neste expediente, que determinaron a adxudicación ao seu favor:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	REDUCCIÓN PRAZO	AMPLIACIÓN GARANTÍA
-------------	------------------	-----------------	---------------------



Concello de Portomarín

EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L.	147.881,82	30 DÍAS	1+4
-----------------------------	------------	---------	-----

SEGUNDA. PREZO. O prezo do contrato, fíxase en 147.881,82 € e 31.055,18 € de IVE, resultando un total de 178.937,00 €, segundo a oferta presentada e nas condicións aceptadas polo adxudicatario.

TERCEIRA. PAGOS. Os pagos efectuaranse conforme ao disposto no Prego de Cláusulas Administrativas particulares.

CUARTA. PRAZO DE EXECUCIÓN. O prazo de execución das obras será de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación do replanteo, segundo a oferta presentada

QUINTA. GARANTÍA: A ampliación do prazo de garantía será de 4 anos, segundo a oferta presentada, resultando o prazo de garantía por un total de 5 anos.

Con anterioridade ó inicio da obra o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde para a súa aprobación polo concello, despois do informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa comunicación á autoridade laboral. Despois de realizar este trámite, procederase á acta de implantación e inicio da obra.

SEXTA. LEXISLACIÓN. D. Alberto López Martín, con D.N.I. núm. 11.947.097-T, en representación da empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L., con C.I.F. B-15410608, sométese á regulación establecida na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en canto estea vixente, e comprométese expresamente a cumprir o disposto na vixente Lexislación Laboral e de Seguridade Social, así como a normativa referente á prevención de riscos laborais.

SÉTIMA. A Administración ostentará as prerrogativas de interpretación do presente contrato, resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificación do mesmo por razón de interese público e resolución do contrato determinando os efectos desta.

E en proba de conformidade, ambas partes asinan este documento, en triplicado exemplar, no lugar e data citados, ante mín, o Secretario municipal.

O Alcalde-presidente,
Asdo.: D. Juan Carlos Serrano López



contratista adxudicatario,

Asdo.: D. Alberto López Martín, en representación da empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L.



A Secretaría Xeral

Asdo.: D. María Silva Taboada


